

*Orde do 30 de xullo de 2009 pola que se modifica o Regulamento da denominación de orixe Monterrei e do seu Consello Regulador.*

O actual regulamento da denominación de orixe Monterrei e do seu Consello Regulador foi aprobado pola orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do 25 de novembro de 1994. A súa última modificación levouse a cabo pola orde da entón Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural do 15 de xullo de 2004.

Con posterioridade a esas datas producíronse cambios normativos importantes no réxime xurídico das denominacións de orixe e no réxime de funcionamento dos seus consellos reguladores. No ámbito da nosa comunidade autónoma ese cambio tivo lugar coa entrada en vigor da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e posteriormente coa do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores. Esta lei e o seu decreto de desenvolvemento citado establecen o novo marco legal a que deberán axustarse as denominacións de orixe e os seus consellos reguladores, sendo a novidade de máis alcance a configuración destes órganos como corporacións de dereito público con personalidade xurídica propia.

A nova situación complétase, no caso das denominacións de carácter vínico, coa aprobación da Lei estatal 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, que introduce, entre outras novidades, a regulación dun novo réxime sancionador que derroga e fai inaplicable o recollido no regulamento desta denominación.

Por outra parte, desde a creación desta denominación de orixe produciuse un espectacular avance da vitivinicultura galega en xeral e da das comarcas desta denominación de orixe moi en particular, de xeito que se podería dicir que se ten producido unha auténtica revolución no sector da vide e o viño, posiblemente sen precedentes no resto da actividade agroindustrial galega. Grazas a estes avances, os viños da denominación de orixe Monterrei experimentaron unha moi importante mellora da súa calidade e un notable progreso na súa introdución nos mercados, tanto nacionais coma internacionais. Para seguir avanzando nesta liña de mellora continua da calidade e de adaptación ás demandas do mercado, é preciso facer algunha modificación nas especificacións técnicas do actual regulamento, apenas modificado nestes aspectos desde o ano da súa aprobación, para adaptalo aos cambios que SE produciron no eido da viticultura e a enoloxía, sen que isto supoña perder a esencia das súas características tradicionais. Por iso, apróveitase a ocasión da adaptación do regulamento ao marco legal actual para facer tamén algunha modificación destes aspectos relacionados coa produción e a elaboración, para que estes

viños poidan seguir gañando un espazo cada vez maior no mercado.

Na súa virtude, despóis da proposta do Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei e de acordo co establecido na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do anexo da Orde do 25 de novembro de 1994, da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe Monterrei e do seu Consello Regulador.

O Regulamento da denominación de orixe Monterrei e do seu Consello Regulador, aprobado pola Orde do 25 de novembro de 1994, da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, queda modificado como se expresa a seguir:

Un.-Modifícanse os artigos 1º a 3º que constitúen o capítulo I, disposicións xerais, que quedan redactados do seguinte xeito:

#### Artigo 1º

De acordo co disposto na normativa europea reguladora do mercado vitivinícola, a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, o Decreto 4/2007 do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, e a Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, quedan amparados coa denominación de orixe Monterrei os viños que, tendo as características definidas neste regulamento, cumpran na súa produción, elaboración e comercialización todos os requisitos exixidos por este e pola lexislación vixente.

#### Artigo 2º

A denominación de orixe Monterrei quedará protexida fronte a un uso distinto ao regulado na Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, no Decreto 4/2007, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, na Lei 24/2003, da viña e do viño, neste regulamento e demais normativa de aplicación.

#### Artigo 3º

1. A defensa da denominación de orixe Monterrei, a aplicación do seu regulamento, a vixilancia do seu cumprimento, así como o fomento e control da calidade dos viños amparados, quedan encomendados ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei, ao Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), á Xunta de Galicia, ao Goberno de

España e á Comisión das Comunidades Europeas, no ámbito das súas respectivas competencias.

2. O órgano de control e certificación dos viños da denominación de orixe Monterrei será o mesmo Consello Regulador, a través dun órgano integrado na súa estrutura de acordo co disposto no artigo 15.1º letra b) da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega; no artigo 65 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, e segundo o establecido no capítulo IV deste regulamento.

Dous.-Modifícanse os artigos 4º a 9º, que do capítulo II, da produción, que quedan redactados do seguinte xeito:

#### Artigo 4º

1. A zona de produción dos viños protexidos pola denominación de orixe Monterrei está constituída polos terreos que o órgano de control e certificación do Consello Regulador considere aptos para a produción de uvas das variedades que se indican no artigo 5º, coa calidade necesaria para obter viños das características específicas dos amparados pola denominación, e que se encontren situados nos termos municipais e lugares que compoñen as subzonas seguintes:

Subzona Val de Monterrei: as parroquias de Castrelo do Val, Pepín e Nocado do Val do concello de Castrelo do Val; as parroquias de Albarellos, Infesta, Monterrei e Vilaza do concello de Monterrei; as parroquias de Oímbra, Rabal, e San Cibrao do concello de Oímbra e as parroquias de Ábedes, Cabreiroá, Feces de Abaixo, Feces de Cima, Mandín, Mourazos, Pazos, Queizás, A Rasela, Tamagos, Tamaguelos, Tintores, Verín e Vila Maior do Val do concello de Verín.

Subzona Ladeira de Monterrei: comprende o concello de Vilardevós, as parroquias de Gondulfes e Servoi do concello de Castrelo do Val; as parroquias das Chás, Bousés, Vidiferre e A Granxa do concello de Oímbra; as parroquias de Flariz, Medeiros, Estevesiños e Vences, do concello de Monterrei; a parroquia de Queirugás no concello de Verín; do concello de Riós as parroquias e lugares seguintes: a parroquia de Castrelo de Abaixo; da parroquia de Castrelo de Cima: os lugares de Castrelo de Cima, Covelas, O Mourisco, San Paio e A Veiga do Seixo; da parroquia de Fumaces: o lugar de Fumaces; da parroquia de Progo: os lugares de Progo e Pousada; da parroquia de Riós o lugar de Florderrei.

2. A cualificación dos terreos para os efectos da súa inclusión na zona de produción efectuaráa o Consello Regulador e deberán quedar delimitados na correspondente documentación cartográfica.

#### Artigo 5º

1. A elaboración dos viños protexidos realizarase con uvas das variedades seguintes:

a) Variedades preferentes:

-Branca: dona Branca, godello e treixadura.

-Tintas: mencia e merenzao.

b) Variedades autorizadas:

-Branca: albariña, branca de Monterrei, caña branca e loureira.

-Tintas: aráuza (tempranillo), caña tinta e sousón.

2. O Consello Regulador poderá propor á consellería competente en materia de agricultura que sexan autorizadas novas variedades que, previamente aos ensaios e experiencias convenientes, se comprobe que producen mostos de calidade, aptos para a elaboración de viños protexidos; determinándose en cada caso a súa inclusión como preferente ou como autorizada.

#### Artigo 6º

1. Con carácter xeral, as prácticas culturais tenderán a optimizar a calidade das producións.

2. A densidade de plantación estará obrigatoriamente entre 3.000 cepas por hectárea como mínimo e 5.000 cepas por hectárea como máximo.

3. A consellería competente en materia de agricultura poderá autorizar, por proposta do Consello Regulador, a aplicación de novas prácticas culturais, tratamentos ou labores que, constituíndo un avance da técnica vitícola, se comprobe que non afectan de forma desfavorable a calidade da uva ou do viño producido.

#### Artigo 7º

1. A vendima realizarase co maior esmero e para a elaboración dos viños protexidos dedicarase exclusivamente uva sa, co grao de madurez necesario, separando as uvas tintas das brancas en cada entrega parcial ou pesada na báscula.

2. A graduación alcohólica mínima potencial das partidas de uva será de 11 % vol.

3. O Consello Regulador poderá establecer, incluíndoas no manual de calidade, as normas necesarias para conseguir a optimización da calidade.

4. O Consello Regulador poderá determinar a data de inicio da vendima e acordar normas sobre o ritmo de recolección, co fin de que esta se efectúe en consecuencia coa capacidade de absorción das adegas.

#### Artigo 8º

1. A produción máxima admitida por hectárea será:

-120 kg por hectárea para as variedades brancas e tintas autorizadas a que se refire o artigo 5º.

-110 km por hectárea para as variedades brancas preferentes a que se refire o artigo 5º.

-100 km por hectárea para as variedades tintas preferentes a que se refire o artigo 5º.

Estes límites poderán ser modificados en determinadas campañas polo Consello Regulador, por iniciativa propia ou por petición dos viticultores da parroquia ou parroquias interesadas na medida, efectuada con anterioridade á vendima, logo dos asesoramentos e comprobacións que se precisen e despois do informe favorable do órgano de control e certificación. No caso de que tal modificación se produza, esta non poderá supoñer un aumento superior ao 25% dos límites fixados.

2. A uva procedente de parcelas con rendementos superiores ao límite autorizado non poderá ser empregada para a elaboración de viños protexidos por esta denominación, debendo adoptar o órgano de control e certificación do Consello Regulador as medidas de control necesarias para asegurar o cumprimento deste precepto.

#### Artigo 9º

1. Non se admitirá a inscrición no rexistro de viñas do Consello Regulador de novas plantacións mixtas que conteñan algunha variedade distinta das autorizadas para a elaboración dos viños protexidos e recollidas no artigo 5º deste regulamento.

2. As uvas procedentes das parcelas en que existan distintas variedades só poderán destinarse á elaboración de viños brancos ou tintos da denominación de orixe se é posible a separación de variedades na vendima.

Tres.-Modifícase o artigo 12º do capítulo IV, cualificación e características dos viños, que queda redactado do seguinte xeito:

#### Artigo 12º

1. Os tipos de viños amparados pola denominación de orixe Monterrei son:

a) Branco Monterrei: elaborado cun mínimo de 60% de uvas das variedades brancas preferentes citadas no artigo 5º.1 deste regulamento e o resto, das variedades brancas autorizadas citadas no mencionado artigo.

Terán unha graduación alcohólica adquirida mínima en volume de 11%, unha acidez volátil máxima de 0,75 gramos por litro, unha acidez total mínima de 4,5 gramos por litro de tartárico e un contido en sulfuroso non superior a 160 miligramos por litro.

b) Tinto Monterrei: elaborado cun mínimo do 60% de uvas das variedades tintas preferentes citadas no artigo 5º.1 deste regulamento e o resto, das variedades tintas autorizadas citadas no mencionado artigo.

Terán unha graduación alcohólica adquirida en volume mínima de 11%, cunha acidez volátil máxi-

ma de 0,80 gramos por litro, unha acidez total mínima de 4,5 gramos por litro de tartárico e un contido en sulfuroso non superior a 150 miligramos por litro.

2. Os viños brancos e tintos sometidos a un proceso de envellecemento en cubas de carballo, poderán utilizar os termos «barrica», «crianza», «reserva» e «gran reserva», segundo a lexislación vixente.

Os viños con dereito ás indicacións «barrica», «crianza», «reserva» e «gran reserva» terán unha graduación alcohólica adquirida mínima en volume de 12%, no caso dos tintos, e de 11,5%, no caso dos brancos, unha acidez volátil máxima de 1 gramo por litro ata 10% vol. e 0,06 gramos por litro por cada grao de alcohol que exceda de 10% vol., unha acidez total mínima de 4,5 gramos por litro de tartárico e un contido en sulfuroso non superior a 160 miligramos por litro.

Catro.-Modifícanse os artigos 28º a 39º, que constitúen o capítulo VII, do Consello Regulador, que quedan redactados do seguinte xeito:

#### Artigo 28º

1. O Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei é unha corporación de dereito público a que se atribúe a xestión da denominación de orixe, coas funcións que determina a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, e demais normativa que lle sexa de aplicación. Ten personalidade xurídica propia, autonomía económica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

2. O ámbito competencial do Consello Regulador está limitado aos viños protexidos pola denominación, en calquera das súas fases de produción, acondicionamento, almacenaxe, envasado, circulación e comercialización e ás persoas inscritas nos diferentes rexistros.

3. A tutela administrativa sobre o Consello Regulador exerceraa a consellería competente en materia de agricultura.

#### Artigo 29º

A actividade do Consello Regulador está sometida ao control da Administración, de acordo co establecido nos artigos 18 a 21 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, e nos artigos 30º a 33º do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Consonte o anterior, as decisións que adopten os órganos de goberno do Consello Regulador cando exerzan potestades administrativas poderán ser impugnadas ante a persoa titular da consellería competente en materia de agricultura na forma e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para estes

efectos, enténdese que están suxeitas a dereito administrativo as actuacións que se recollen na alínea 5º do artigo 32 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

#### Artigo 30º

Os órganos de goberno do Consello Regulador son o Pleno, a Presidencia, a Vicepresidencia e a Comisión Permanente, se se crear.

#### Artigo 31º

1. O Pleno do Consello Regulador está constituído por:

-Tres vogais en representación do sector vitícola, elixidos democraticamente por e entre os titulares das viñas inscritas no Rexistro de Viñas do Consello Regulador con excepción daqueles que sexan socios de cooperativas que sexan titulares, directa ou indirectamente de adegas da denominación a través das cales transformen a uva e comercialicen o viño.

-Tres vogais en representación do sector vinícola, elixidos democraticamente por e entre os titulares de adegas inscritas nos rexistros do Consello Regulador, con excepción daquelas cuxo titular sexa, directa ou indirectamente, unha sociedade cooperativa. Este sector repartirase, pola súa vez, do seguinte xeito:

-Un vogal en representación das adegas cunha produción menor ou igual a 30.000 litros.

-Dous vogais en representación das adegas cunha produción maior de 30.000 litros.

-Un vogal en representación do sector cooperativo, constituído polos titulares de viñas inscritas no Rexistro de Viñas do Consello Regulador que sexan socios dalgunha cooperativa que sexa, pola súa vez, titular, directa ou indirectamente, dalgunha adegas inscrita na denominación a través da cal transformen a uva e comercialicen o viño; así como polos titulares das ditas adegas de base cooperativa.

2. O Pleno actuará baixo a dirección da persoa que exerza a Presidencia, que tamén formará parte del, e contará coa asistencia, con voz pero sen voto, do secretario do Consello Regulador.

3. A consellería competente en materia de agricultura poderá designar ata dous delegados ou delegadas, que asistirán ás reunións do Pleno con voz pero sen voto.

#### Artigo 32º

O réxime de convocatorias e de acordos e, en xeral, o réxime de funcionamento e as funcións do Pleno, así como os dereitos e deberes dos seus membros, serán os contidos no capítulo IV do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

#### Artigo 33º

1. A Presidencia do Consello Regulador será exercida pola persoa que elixa o Pleno, co voto favorable da maioría dos seus membros, sendo necesaria na primeira votación o apoio de máis da metade destes.

2. O presidente ou presidenta non ten por que ter a condición previa de vogal. No caso de que así sexa, deixará a súa vogalía, que será ocupada polo seu substituto legal, de acordo co establecido no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

3. As funcións da Presidencia, así como as causas de cesamento do seu titular e demais cuestións relativas a este órgano, serán as recollidas no citado Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

#### Artigo 34º

1. O Consello Regulador terá unha Vicepresidencia, que será exercida pola persoa elixida por e entre os seus vogais.

2. A persoa que exerza a Vicepresidencia substituirá o presidente ou presidenta nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante.

3. A Vicepresidencia exercerá, ademais, aquelas funcións que lles sexan delegadas pola Presidencia.

#### Artigo 35º

Para resolver cuestións de trámite, ou naqueles casos en que se coide necesario, poderá constituírse unha Comisión Permanente, que estará formada pola Presidencia e dous vogais designados polo Pleno do Consello Regulador, un en representación do sector vitícola e outro do sector vinícola.

Na sesión en que se acorde a constituición da devandita comisión permanente aprobaranse tamén as misións específicas que lle competen e as funcións que exercerá.

Todas as resolucións que tome a comisión permanente serán comunicadas ao Pleno do Consello Regulador na primeira reunión que este celebre, para a súa validación.

#### Artigo 36º

1. Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei contará co persoal necesario, contratado en réxime de dereito laboral, de acordo ao establecido no artigo 27 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

2. O Consello Regulador terá un secretario designado polo Pleno, que terá como misións específicas as sinaladas na alínea 2º do artigo 28 do citado Decreto 4/2007.

3. Para os labores de control e certificación, o Consello Regulador disporá dunha unidade composta polo persoal necesario, que actuará baixo a responsabilidade do director técnico e de acordo cos requisitos sinalados na letra b) do número 1 do artigo 15

da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, e no artigo 65 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

#### Artigo 37º

1. Como responsable do control e certificación dos viños da denominación de orixe Monterrei, o Consello Regulador contará cun manual de calidade, procedementos operativos e instrucións técnicas, documento en que se recollerán as normas complementarias de aplicación da denominación de orixe, en particular as relativas aos procesos de control e certificación, que deberá ser aprobado pola consellería competente en materia de agricultura.

2. O Consello Regulador establecerá un comité de cualificación ou panel de cata dos viños que opten a ser amparados pola denominación de orixe Monterrei, formado por un mínimo de cinco expertos en análise sensorial dos viños.

3. O Comité de Cualificación terá como misión informar sobre a calidade dos viños que opten a ser amparados pola denominación. Poderá contar cos asesoramentos técnicos que considere necesarios.

4. Para a revisión das decisións do Comité de Cualificación crearase un comité de apelación formado tamén por expertos no produto e cuxo ditame non poderá ser obxecto de revisión.

5. As normas de funcionamento do Comité de Cualificación e o de Apelación quedarán recollidas no manual de calidade e axustaranse ao establecido na normativa xeral de aplicación.

6. A unidade de control e certificación do Consello Regulador, á vista das análises físico-químicas, do informe sobre a análise sensorial emitido polo Comité de Cualificación e, de ser o caso, o de apelación, así como os demais datos sobre o produto, resolverá o que proceda en relación coa cualificación, descualificación ou localización de cada partida de viño.

7. No manual de calidade, procedementos operativos e instrucións técnicas estableceranse as normas precisas para a constitución e funcionamento dos comités de cualificación e de apelación.

#### Artigo 38º

1. Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Regulador poderá contar cos recursos económicos establecidos no artigo 17 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, así como no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

2. Conforme a citada normativa, establécense as cotas que deberán aboar os inscritos:

a) Os titulares de viñas:

-Cota de inscrición: satisfarase por unha vez, no momento de realizar a alta no Consello Regulador.

-Cota de renovación rexistral: satisfarase con periodicidade bianual, coincidindo coa renovación dos datos do rexistro.

-Cota pola actividade na denominación: satisfarase anualmente o equivalente á unha porcentaxe do valor potencial teórico da produción, obtido como produto da superficie inscrita, o rendemento medio por unidade de superficie e o prezo medio da uva. A dita porcentaxe será determinada polo Pleno cos límites recollidos no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

b) Os titulares de adegas:

-Cota de inscrición: satisfarase por unha vez cando a alta no Consello Regulador.

-Cota pola actividade na denominación: aboarase anualmente, nun ou en varios pagamentos, segundo determine o Consello Regulador, e equivalerá a unha porcentaxe do valor teórico do viño cualificado á adega polo Consello Regulador, calculado en función do volume de viño e o prezo medio unitario teórico en orixe.

-Cota polo servizo de cualificación: será aboada polas adegas ás cales o Consello Regulador cualifique viño para a súa comercialización como viño da denominación de orixe Monterrei e equivalerá a unha porcentaxe do seu valor medio, calculado en función do volume de cada partida e do seu prezo medio unitario estimado.

-Cota polo servizo de control en vendima: será aboada nun único pagamento anual polas adegas que reciban uva para a súa vinificación e equivalerá a unha porcentaxe do valor medio estimado das ditas uvas.

-Cota polo servizo de expedición de contraetiquetas: será satisfeita polas adegas que soliciten contraetiquetas para o seu emprego nos viños da denominación de orixe, e o seu importe será o dobre do valor material de produción e distribución das contraetiquetas.

3. O Pleno do Consello Regulador, de acordo cos datos agronómicos e de mercado, fixará para cada ano os rendementos por hectárea e os prezos unitarios das uvas, o viño e as contraetiquetas, para os efectos do cálculo das cotas correspondentes. Tamén aprobará o valor das cotas de carácter fixo e as porcentaxes das variables, dentro dos límites sinalados polo Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Cando non se fixen novos valores, enténdense vixentes os do ano anterior.

4. O Pleno do Consello Regulador fixará o prazo para o pagamento de cada tipo de cota. En caso de

que no dito prazo non se realice o pagamento, o inscrito poderá ser suspendido nos seus dereitos na denominación ata que liquide a débeda co Consello Regulador. Se no prazo dun ano o inscrito non liquidar a débeda, poderá ser dado de baixa definitivamente, logo da instrución do correspondente expediente, sen prexuízo da obrigatoriedade do seu pagamento e das sancións que poidan recaer sobre el ao abeiro do artigo 39.2º e) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño.

5. O réxime contable do Consello Regulador é o que se determina no artigo 19 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, e mais no artigo 31 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

#### Artigo 39º

O réxime electoral do Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei é o contido nas seccións primeira e segunda do capítulo VI do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

Cinco.-Dáse unha nova redacción ao artigo 40º, do capítulo VIII, infraccións, sancións e procedemento, quedando co seguinte contido:

#### Artigo 40º

1. O réxime sancionador da denominación de orixe Monterrei é o establecido no capítulo II do título III da Lei estatal 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño.

2. Complementa a disposición legal mencionada na alínea 1 anterior o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, que regula as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, polo que se refire á toma de mostras e análises; a Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, no relativo á inspección e medidas cautelares; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto; e cantas disposicións xerais estean vixentes no seu momento sobre a materia.

Seis.-Quedan sen contido os artigos 41º a 50º do capítulo VIII, infraccións, sancións e procedemento.

#### *Disposición derradeira*

Única.-*Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

*Orde do 30 de xullo de 2009 pola que se modifica o Regulamento da denominación de orixe Valdeorras e do seu Consello Regulador.*

O actual Regulamento da denominación de orixe Valdeorras e do seu Consello Regulador foi aprobado pola Orde do Ministerio de Agricultura do 24 de febreiro de 1977, e tivo posteriormente varias modificacións, a última delas mediante a Orde da entón Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, do 7 de marzo de 2005.

Con posterioridade a estas datas producíronse cambios normativos importantes no relativo ao réxime xurídico e de funcionamento dos consellos reguladores das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Estes cambios tiveron lugar coa entrada en vigor da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega e, posteriormente, coa dun dos seus regulamentos de desenvolvemento, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores. Esta lei e o decreto de desenvolvemento citado establecen o novo marco legal a que deben axustarse as denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas do ámbito galego e os seus consellos reguladores, sendo a novidade de máis alcance a configuración destes órganos como corporacións de dereito público con personalidade xurídica propia, abandonando a súa forma xurídica tradicional de entes desconcentrados da Administración carentes de personalidade xurídica diferenciada desta.

Tras a aprobación do citado Decreto 4/2007 e de acordo co previsto na súa disposición transitoria primeira, durante o ano 2007 tiveron lugar eleccións en todos os consellos reguladores do sector agroalimentario existentes na comunidade autónoma naquel momento. Os órganos de goberno resultantes deses procesos electorais tiñan, segundo o recollido no punto 3 da dita disposición transitoria, o encargo de elaborar, para a súa aprobación pola consellería, a proposta de modificación do seu respectivo regulamento para adaptalo ao contido da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e o citado decreto de desenvolvemento. Segundo o punto 4 da devandita disposición transitoria, a entrada en vigor do novo regulamento determinará a constitución do Consello Regulador como corporación de dereito público.

De acordo co anterior, en meses pasados o Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras iniciou o proceso para a reforma do seu regulamento, que culminou coa súa aprobación polo Pleno e a posterior remisión á Consellería do Medio Rural. Porén, esta modificación, ademais de facer unha adaptación dos preceptos do regulamento ao marco legal autonómico citado, pretende unha actualización doutros aspectos de carácter técnico relativos á